

# **REGULAMENTO TRAIL DE VILATUXE & DESAFÍO SERRA DO CANDÁN**

## **2025**

### **1. DESCRIPCIÓN PROBAS**

**1.1. TRAIL LONGO**

**1.2. TRAIL CURTO**

**1.3. ANDAINA**

**1.4. TRAIL PROMO**

**1.5. PEQUE TRAIL**

### **2. CATEGORÍAS**

**2.1. TRAIL LONGO**

**2.2. TRAIL CURTO**

**2.3. TRAIL PROMO**

### **3. PREMIOS PARA AS DIFERENTES PROBAS**

### **4. INSCRICIÓN, DEVOLUCIÓN E LÍMITE DE PRAZAS**

**4.1. INSCRICIÓN**

**4.2. LÍMITE DE PRAZAS**

**4.3. DEVOLUCIÓN**

### **5. PERCORRIDOS E ENTORNO**

**5.1. SINALIZACIÓN E CONTRÓIS**

**5.2. TEMPOS DE CORTE**

**5.3. AVITUALLAMENTOS**

**5.4. RETIRADAS E DESCALIFICACIÓN**

### **6. OBSERVACIÓN**

## **1- DESCRIPCIÓN PROBAS**

**1.1** As carreiras Trail Longo, Trail Curto, Trail 12 K, Pequetrail e Andaina celebraranse o día 7 de xuño de 2025 con saída e chegada dende a praia fluvial do Pozo do Boi en Vilatuxe, e rexeranse polo presente regulamento.

**1.2 O Trail Longo:** darase a saída as 8:00 horas; terá un percorrido aproximado de 32 km e discorrerá por montes das parroquias de Zobra e Vilatuxe, acumulando un desnivel positivo de 2220 metros aproximadamente, do que resultan uns 4440 metros acumulados.

**1.3 O Trail Curto:** darase a saída as 9:30 horas; terá un percorrido aproximado de 17,5 km e discorrerá polos mesmos montes, acumulando un desnivel positivo de 1050 metros aproximadamente, do que resultan uns 2100 metros acumulados.

**1.4 Andaina:** Darase a saída as 9:30 horas, a vez que o Trail Curto. os participantes poderán elixir durante o desenrolo da proba ir polo circuíto de 17,5 km ou polo circuíto de 12 km. O lugar de elección de un dos dous circuítos estará axeitadamente sinalizado.

**1.5 Trail 12 K:** sairá as 10:00; Poderá participar tódalas persoas debidamente inscritas con mais de 15 anos de idade (cumpridos no ano en curso).

**1.6 O Pequetrail:** celebrarase a partir das 16:00;

- terá recorridos diferentes para cada unha das categorías:
  - a) **esquíos** (de 2 a 6 anos) con un percorrido de 200 m,
  - b) **corzos** (de 7 a 10 anos) con un percorrido de 500 m
  - c) **xabaríns** (de 10 a 14 anos) con un percorrido de 3000 m.

## **2- CATEGORÍAS**

**CATEGORÍAS MASCULINA E FEMININA: CADETE, XUVENIL, JÚNIOR E SÉNIOR. (ESTABLECIDAS POLA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO)**

### **2.1 TRAIL LONGO**

- **Categoría absoluta:** a partir de 21 anos cumpridos o ano de referencia.
  - **Subcategorías masculina e feminina:** veterana A e B.
    - **Subcategoría veterana A:**
      - Masculina e feminina de 40 a 49 anos, é dicir, que non cumpra os 50 anos o ano de referencia.
    - **Subcategoría Veterana B:**
      - Masculina e feminina de 50 a 59 anos, é dicir, que non cumpra os 60 anos o ano de referencia.
    - **Subcategoría Veterana C:**
      - Masculina e feminina a partir dos 60 anos cumpridos o ano de referencia.

### **2.2 TRAIL CURTO**

- **Categoría júnior:** 19-20, é dicir que non cumpra os 21 anos o ano de referencia.
- **Categoría absoluta:** a partir de 21 anos o cumpridos o ano de referencia.

### **2.3 TRAIL PROMO**

- **Categoría cadete:** 15-16 anos , é dicir, que non cumpra os 17 anos o ano de referencia.
- **Categoría xuvenil:** 17-18, é dicir, que non cumpra os 19 anos o ano de referencia.
- **Categoría absoluta:** a partir de 19 anos cumpridos o ano de referencia.

### **3- PREMIOS PARA AS DIFERENTES PROBAS**

#### **3.1 TRAIL LONGO:**

*Entregarase un trofeo aos tres primeiros da clasificación xeral nas categorías masculina e feminina; ademais ás/aos tres primeiros de cada categoría, atendendo ás categorías propias da carreira especificadas anteriormente.*

#### **3.2 TRAIL CURTO:**

*Entregarase trofeo aos tres primeiros da clasificación xeral masculina e feminina; ademais de ás/aos tres primeiros da categoría júnior masculina e feminina segundo as categorías marcadas pola FGM.*

#### **3.3 TRAIL PROMO:**

*Entregarase trofeo aos tres primeiros da clasificación xeral masculina e feminina; ademais de ás/aos tres primeiros da categoría cadete masculina e feminina e ás/aos tres primeiros da categoría xuvenil masculina e feminina segundo as categorías marcadas pola FGM.*

## 4 - INSCRICIÓNS E DEVOLUCIÓNS:

### 4.1 INSCRICIÓNS:

- As inscricións realizaranse a través da páxina [championchipnorte.com](http://championchipnorte.com).
- O prazo de inscricións comezará o luns 9 de decembro do 2024 ás 22:30h ata o luns 1 de xuño as 23:59 h.
- Haberá tres tramos de prezos para as inscricións nas catro probas con un desconto para os federados. Os prezos e tramos son os seguintes

DISTANCIA	DENDE APERTURA ATA O 9 DE ABRIL		DENDE O 10 DE ABRIL ATA O 30 DE ABRIL		DENDE O 1 DE MAIO ATA O 1 DE XUÑO	
	FEDERADOS	NON FEDERADOS	FEDERADOS	NON FEDERADOS	FEDERADOS	NON FEDERADOS
TRAIL LONGO	35€	38€	38€	41€	40€	43€
TRAIL CURTO	30€	33€	33€	36€	35€	38€
TRAIL PROMO	20€	23€	23€	26€	25€	28€
ANDAINA	20€	23€	23€	26€	25€	28€

\* Os federados deberán presentar a ficha acreditativa xunto co DNI no momento da recollida do dorsal.

\* Dita inscrición dá dereito a participar na proba, seguro de asistencia sanitaria e de responsabilidade civil, bolsa do corredor, avituallamentos, e cantos obsequios ou regalos consiga a organización.

\* Para os participantes da categoría cadete a inscrición será gratuíta pero deberán formalizar a mesma a través da plataforma.

\* No caso dos participantes no Pequetrail a inscrición será gratuíta e farase online na plataforma de inscrición, ou tamén o mesmo día da carreira entre as 14:00 e as 16:00 na carpa da organización.

### 4.2 LÍMITE DE PRAZAS:

- **Trail 12 K** Esta proba contará con un número máximo de 100 prazas.
- **Trail curto** Esta proba contará con un número máximo de 200 prazas.
- **Trail longo:** Esta proba contará con un número máximo de 200 prazas.
- **Andaina:** Esta proba contará con un número máximo de 100 prazas

### 4.3 DEVOLUCIÓNS:

Existen tres tramos de datas no evento. Os importes a reembolsar en cada prazo especifícanse a continuación:

- Dende a apertura de inscricións ata o 28 de febreiro: **70% do total da inscrición**
- Dende o 1 de marzo ata o 30 de abril: **50% do total da inscrición**
- Dende o 1 de maio ata o día da proba: **non se realizarán devolucións**

- Unha vez que se tramita a baixa, o corredor recibirá o importe correspondente segundo o tramo de cancelación. Dito pago, será realizado na mesma conta dende a que se realizara a inscrición
- Sempre que un/ha corredor/a tramite a baixa e correspondente devolución, estará renunciando ós agasallos e privilexios que a propia inscrición lle outorgaba.
- No caso de suspensión da proba por causa de forza maior, a organización reservase o dereito de aprazar a mesma para unha nova data, a cal se dará a coñecer con tempo suficiente a todos os inscritos, non sendo este motivo causa xustificada para a devolución do importe da inscrición.

- O dorsal é persoal e intransferible. Si a organización detecta algún/ha corredor/a facendo uso dun dorsal doutra participante, procederase a correspondente sanción a ámbolos dous corredores/as.

## **5- OBSERVACIÓNS:**

### **5.1- SINALIZACIÓN E CONTRÓIS**

- O percorrido estará sinalizado con bandeirolas vermellas co logo da proba.
- Tamén se empregarán cintas para cortar os cruces, así como indicadores verticais das diferentes distancias e direccións.

### **5.2- TEMPOS DE PASO**

<b>Km</b>	<b>LUGAR</b>	<b>TEMPO</b>	<b>HORA</b>
<b>6</b>	BUSTELOS	1H	09:00
<b>15</b>	TRIGUEIRA	3H15'	11:15
<b>20</b>	ZOBRA	4H15'	12:15
<b>27</b>	MOA	6H10'	14:10
<b>32</b>	META	7H	15:00

- Os corredores que non acaden os controis nos tempos máximos, deberán retirarse da proba xa que nin a organización nin os servizos de asistencia poden garantir a súa cobertura.
- Así mesmo os “Corredores Escoba” ou o responsable de cada control, terán potestade para retirar da proba a calquera corredor/a se o seu tempo en carreira ou o seu estado de saúde así o aconsella.
- O/A corredor/a que se retire durante o transcurso da proba, deberá avisar ó control máis próximo e facer entrega do dorsal.

### **5.3- AVITUALLAMENTOS**

- A fin de ser meticulosos no respecto co medio ambiente e baixo a premisa de reducir ao máximo os residuos que se poidan xerar, nos avituallamentos non se dispensarán vasos a os participantes.
- Existirán 5 avituallamentos líquidos e sólidos incluíndo o de meta que se distribuirán do seguinte modo:

	<b>TRAIL LINGO</b>	<b>TRAIL CURTO</b>	<b>TRAIL PROMO</b>	<b>ANDAINA</b>
<b>BUSTELOS</b>	6 km	6 km		
<b>AMEIXEDO</b>	11 km			
<b>TRIGUEIRA</b>	15 km			
<b>ZOBRA</b>	20 km			
<b>MOA</b>	27 km	12 km	7 km	7 km
<b>META</b>	32 km	17 km	12 km	

### **5.4- RETIRADAS E DESCALIFICACIÓNS**

- Todo/a corredor/a que desexe retirarse ó longo da proba, poderá facelo en calquera dos puntos de avituallamento, sempre e cando o seu estado físico llo permita.
- No caso de non poder achegarse a un punto de avituallamento, o/a corredor/a deberá poñerse en contacto ca organización a través do número de teléfono incluído no dorsal, ou ven mediante aviso doutro corredor.
- Será motivo de descualificación , desfacerse de refugallos fora das zonas de avituallamento.
- Será motivo de descualificación, o non cumprimento de calquera dos puntos deste regulamento.
- Será motivo de descualificación, calquera comportamento incívico, tanto co entorno como co diferente persoal da proba.
- Será motivo de descualificación, non portar de maneira visible o dorsal subministrado por a organización

## **6- OBSERVACIÓNS:**

- a. A aceptación do presente regulamento, implica obrigatoriamente que o participante autoriza á organización á gravación total ou parcial da súa participación na mesma, presta o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe na promoción e difusión da proba, de tódolos xeitos posibles e cede tódolos dereitos relativos á súa explotación, comercial e publicitaria que a organización considere oportuno executar.
- b. Tódolos temas aclarados neste regulamento, son os que rexen sobre a proba. Para o resto de temas normativos, aplicarase o regulamento vixente da FGM.
- c. Non se permitirá a os participantes ir acompañados de animais ou mascotas durante o transcurso da proba.
- d. Quedará descualificado/a desta proba todo o que non cumpra o presente regulamento, non complete a totalidade do percorrido, deteriore ou ensucie a contorna, non leve o seu dorsal ben visible, manteña unha conduta impropia ou desatenda as indicacións da organización.
- e. A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas o obrigan ou por forza maior.
- f. Os/as participantes están obrigados a auxiliar ós accidentados que precisen axuda así como a informar de calquera incidencia nos controis de paso.
- g. A pesar do persoal disposto pola organización ao longo do percorrido os/as participantes están obrigados a respectar as normas de circulación nos cruzamentos coas estradas.
- h. Os únicos vehículos autorizados a seguir a proba serán os designados pola organización, quedando totalmente prohibido, para evitar posibles accidentes, seguir ós corredores en moto, bicicleta, quad ou similar polo circuito.
- i. A organización declina toda responsabilidade en caso de accidente, negligencia, así como dos obxectos perdidos de cada participante. Os participantes exoneran á organización de toda responsabilidade en caso de accidente ou lesión. En todo o non contemplado neste regulamento, a proba basearase nos regulamentos da Federación Galega de Montañismo e da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME).
- j. Existe un período de reclamación de 30 minutos, dende a publicación dos resultados de cada categoría. Durante este período tamén se poderá asignar a unha persoa substituta, no caso de non poder asistir a entrega de premios.



- k. Non será posible recoller nin reclamar posteriormente un premio si o beneficiario se ausenta da entrega sen previa xustificación, e sen asignar un substituto.
- l. No caso de non presentación e non xustificación da ausencia na entrega de premios, dito corredor/a perderá automaticamente a clasificación na súa categoría, pasando inmediatamente o/a seguinte en orde.
- m. Os premios das diferentes categorías da proba, non serán acumulables.

**TRAIL DE**  
**VILATUXE**  
**DESAFÍO**  
**FERRA DO CANDÁ**